



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Propostas de mellora do transporte público de competencia autonómica no Concello de Sada

Tras a reunión mantida o pasado 7 de novembro entre os alcaldes e alcaidesas da área metropolitana da Coruña co Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, e a Directora Xeral de Mobilidade, Judit Fontela, o Concello de Sada remite para o seu estudo, tal como foi solicitado, distintas propostas de mellora do transporte público da comarca da Coruña.

CORREDOR NORTE - Liñas B9, B14 e D10

Os problemas deste corredor son coñecidos pola Dirección Xeral de Mobilidade, posto que xa foron tratados nunha reunión logo dos cambios efectuados nas liñas que o conforman este pasado verán. Como xa se solicitou en repetidas ocasións, é necesario:

- 1.- Recuperar as liñas e frecuencias suprimidas na reforma do mes de xullo (de 28 servizos pasouse a 22),
- 2.- Suprimir o “intercambiador” que se creou nesa mesma data no lugar da Valexa (Veigue). Entendemos que o ideal é que os autobuses continúen percorrido dende e ata Sada, con algunhas desas liñas facendo percorrido pola urbanización Rialta.
- 3.- Faise a seguinte proposta de horarios:

Luns a sábado		Domingos e festivos	
Sada – A Coruña	A Coruña - Sada	Sada – A Coruña	A Coruña - Sada
06:30h	06:20h	07:20	08:25
07:20h	07:30h	08:20	08:55
08:30h	08:55h	09:20	09:55
09:20h	09:55h	11:20	10:55
10:20h	10:55h	13:20	12:55
11:20h	11:55h	15:20	14:55
13:00h	13:00h	17:20	15:25
14:20h	14:00h	19:20	16:55
15:20h	14:55h		
16:20h	15:55h		
17:20h	16:55h		
18:30h	17:55h		

19:20h 21:00h 22:20h	18:55h 20:00h 20:55h 22:00h	21:20	18:55 20:55 21:55 / 22:00
----------------------------	--------------------------------------	-------	---------------------------------

En vermello os horarios nos que o bus faría percorrido por Rialta.

CORREDOR CENTRAL – Liñas B8 e B6

Polos datos comunicados a este Concello, este é o corredor máis empregado polos usuarios do transporte público do noso municipio. Neste sentido entendemos conveniente:

1.- Reforzo do servizo en horas punta. Existen queixas ó respecto da masificación dos autobuses en dirección A Coruña nas primeiras horas do día (buses das 7:50, 8:20 e 8:50) e en sentido inverso no medio día (14:20, 14.50, 15:20, 15.50) e última hora da tarde (19:50, 20:20)

2.- Estudar fórmulas para a redución dos tempos de viaxe. Na actualidade, o percorrido entre Sada (núcleo urbano) e A Coruña centro (Praza de Ourense-Entrexardíns) implica unha hora completa de viaxe, algo máis nas horas punta de conxestión de tráfico.

CORREDOR SUR – Liña D9 (Sada-Armuño)

Ampliar cunha hora máis os horarios existentes en ambos sentidos. Concretamente engadir unha saída dende Sada ás 16:35 e 16:50 en sentido regreso.

Ademais destas cuestións é necesario mellorar a información que se proporciona ós usuarios nas propias paradas en tempo real. É preciso desenvolver algún mecanismo que permita localizar en tempo real un autobús, de forma que se coñeza a súa localización e os tempos de chegada.

Alcalde de Sada
Oscar Benito Portela Fernández